

# PREMIO A ARTIGOS XORNALÍSTICOS NORMALIZADORES CONCELLO DE CARBALLO 2005

## BASES

### 1. Obxectivos

O Concello de Carballo, desde o seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con *La Voz de Galicia*, co *Diario de Bergantiños* e con *Galicia Hoxe* convoca o **I Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2005** cos seguintes obxectivos:

- Promover a reflexión sobre a situación da lingua galega.
- Crear espazos nos xornais para analizar a situación social da lingua galega.
- Promover o uso do galego na prensa escrita.

### 2. Participantes

Poderán participar neste concurso de xeito individual todas aquelas persoas que o desexen, sen límites de idade, nacionalidade, profesión, etc. Cada participante deberá facelo cun único artigo.

### 3. Características do artigo

Os artigos serán inéditos e deberán estar escritos en galego seguindo a normativa oficial. Neles tratarase calquera tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega, co seu estatus, coa normalización lingüística en xeral ou nalgún sector ou ámbito determinado, coa lexislación e os dereitos lingüísticos, etc.

Os artigos presentados deberán ter entre **3.500 e 4.500 caracteres** con espazos incluídos.

### 4. Forma de presentación

Os artigos presentaranse nun sobre grande pechado, deberán estar asinados cun pseudónimo e neles non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia ao autor ou á autora.

Dentro do sobre grande incluírase tamén un sobre pequeno pechado que levará escrito por fóra o título do artigo e o pseudónimo da súa autora ou autor. No seu interior figurará o nome e apelidos do/a autor/a, o enderezo completo, o número de teléfono, o enderezo electrónico e tamén o título do artigo e o pseudónimo utilizado.

Os artigos deberán presentarse por **cuadruplicado** no Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística do Concello de Carballo (Pazo da Cultura) ou por correo certificado en sobre pechado no que se deberá presentar toda a documentación requirida, e facendo constar no remite o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2005  
Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística  
Pazo da Cultura, 1.º andar  
Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo

Horario do rexistro: de 10.00 h a 13.30 h.

## 5. Prazo de presentación

O prazo de admisión de artigos comezará o 11 de abril e **rematará o 27 de abril** de 2005.

## 6. Premios

Outorgaranse dous premios:

1.º Premio: 500 euros e a publicación do artigo na edición Carballo de *La Voz de Galicia*, no *Diario de Bergantiños* e en *Galicia Hoxe*.

2.º Premio: 150 euros e a publicación do artigo na edición Carballo de *La Voz de Galicia*, no *Diario de Bergantiños* e en *Galicia Hoxe*.

## 7. Xurado

O xurado estará composto por catro persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria. Unha delas actuará como secretario/a, con voz e sen voto, por proposta e en representación do Concello de Carballo.

## 8. Selección, avaliación e entrega de premios

Para a selección dos traballos premiados, o xurado terá en conta:

- A adecuación ao tema e xénero solicitado.
- Os contidos orixinais e atractivos.
- A clareza expositiva e a calidade lingüística.
- A capacidade de incidencia no público.

Ao xurado correspóndelle avaliar e deliberar sobre os traballos presentados e poderá declarar deserto algún premio ou todos eles, así como conceder libremente algún accésit, aínda que sen dotación económica.

A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de 20 días despois do remate do prazo de entrega de artigos. A entrega de premios terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación. Os/as autores/as premiados/as comprométense a asistir a este acto.

A data de publicación dos artigos premiados nos xornais colaboradores será anunciada canda a do acto público de entrega de premios.

## 9. Base final

Os artigos premiados quedarán en propiedade do Concello de Carballo, quen terá todos os dereitos sobre eles.

Para a súa publicación, os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

Transcorrido un mes desde a entrega de premios, os artigos non premiados que non sexan recollidos serán destruídos.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá unicamente a opinión do xurado.

## Máis información:

Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Carballo  
Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo  
Tfno.: 981 704 304  
Fax: 981 704 302  
normalizador@carballo.org

## Organizan:



## Colaboran:

